

“Como punto de partida será bo ter unha visión a vista de paxaro da cultura nas súas varias manifestacións. Ela é evidentemente o conxunto integral constituído polos utensilios e bens dos consumidores, polo corpo de normas que rexe os diversos grupos sociais, polas ideas e artesanías, crenzas e costumes. Xa consideremos unha moi simple e primitiva cultura ou unha extremadamente complexa e desenrolada, estaremos en presenza dun vasto aparato, en parte material, en parte humano e en parte espiritual, co que o home é capaz de superar os específicos problemas que o confrontan. Estes problemas xorden do feito de ter o home un corpo suxeito a varias necesidades orgánicas, e de vivir nun ambiente natural que é o seu mellor amigo, pois, o dota das materias primas para os seus artefactos, aínda que é tamén un perigoso inimigo, no sentido de que abriga moitas forzas hostís.

Os seres humanos constitúen unha especie animal. Están suxeitos ás condicións elementais que deben ser cumpridas para que os individuos podan sobrevivir, subsistir a raza e os organismos sen excepción seren mantidos en condicións de actividade. Por outra parte, con todo o equipo de artefactos, coa súa aptitude para produci-lo e valoralo, o home crea un ambiente secundario. Non hai no dito nada novo, e definicións semellantes da cultura foron expostas con frecuencia. Non obstante, extraeremos unha ou dúas conclusións adicionais.

En primeiro lugar, está claro que a satisfacción das necesidades orgánicas ou básicas do home e da raza representa unha serie mínima de condicións impostas en cada cultura. Os problemas suscitados polas necesidades nutritivas, reprodutivas e hixiénicas do home deben ser resoltos, e o son mediante a construción dun novo ambiente, artificial ou secundario.

Este ambiente, que é nin máis nin menos a cultura mesma, debe ser reproducido, conservado e administrado permanentemente.”

(Bronislaw Malinowski. Unha teoría científica da cultura.)

- 1) Recolle a definición de “cultura” que aparece no texto e explícaa coas túas palabras. ¿A cultura consta tan só de obxectos materiais? Resposta en base a certas frases do texto e aos teus coñecementos. ¿Que se entende por “culturas”, en plural?
- 2) Segundo a idea que se desprende do texto: ¿a cultura é un luxo ou unha necesidade para o ser humano? Razona a resposta. Comenta a parte subliñada do texto: ¿que tipo de necesidades resolve a cultura?, ¿a que se pode estar a referir o autor coa expresión “ambiente secundario”?, ¿por que lle chama “secundario”? ¿por que o cualifica de “artificial”?, ¿quen o habita?, ¿por contraposición, que sería o “ambiente primario”?, ¿por que lle chama así?, ¿quen vive nese ambiente?
- 3) ¿Que relación existe, segundo o autor do texto, entre a sociedade e a cultura?, ¿a cultura é un produto individual? ¿En que frase do texto hai unha referencia implícita á noción de “socialización”? Copia e explica esa frase. ¿Que outros conceptos coñeces que expresen a mesma idea que o termo “socialización”?, ¿que entendemos por “axentes de socialización”? Explica esas nocións coas túas palabras.